

**Consolida o pulo comercial cun desempeño destacado no eido
alimentario**

**EROSKI AUMENTOU A SÚA FACTURACIÓN UN 2,5%
DURANTE O PRIMEIRO SEMESTRE DO EXERCICIO 2024**

- **As vendas brutas medraron ata alcanzaren os 2.865 M€**
- **Pechou a primeira metade do exercicio cun resultado positivo de 50,2 M€**
- **O *ebitda* situouse en 155 M€**
- **Mantense o esforzo e as marxes continúan reducíndose para mitigar o impacto das maiores custas nos prezos dos produtos**

Elorrio, 30 de setembro do 2024.- O grupo [EROSKI](#) pechou as contas do primeiro semestre deste exercicio, do 1 de febreiro ao 31 de xullo do 2024, reflectindo un sólido crecemento en vendas nun contorno desafiante.

Durante a primeira metade do exercicio, a facturación do grupo EROSKI continuou a súa senda de crecemento. O volume de actividade acadou unhas vendas brutas de 2.865 millóns de euros, o que representa un incremento do 2,5% con respecto ao mesmo período do exercicio previo.

Cómpre salientar especialmente a cifra de vendas brutas no eido alimentario, que alcanzou os 2.722 millóns de euros, un 3,3% superior á rexistrada nos primeiros seis meses do 2023. Esta evolución foi posible por mor da positiva acollida do esforzo promocional e de contención de prezos que o grupo implementou e mantivo dende o 2021, co obxectivo de mitigar a repercusión do aumento das custas nos prezos de venda. Para iso realizouse un forte esforzo destinado a reducir ese impacto, que ascendeu a 33 millóns durante a primeira metade do 2024.

O resultado positivo do grupo elevouse ata os 50,2 millóns de euros. A cifra, inferior á do primeiro semestre do ano anterior en 19,7 millóns, débese fundamentalmente ao impacto da mellora da competitividade dos prezos e aos resultados extraordinarios que se produciron na primeira parte do exercicio 2023.

"Durante a primeira metade do ano consolidamos o crecemento das nosas vendas brutas alimentarias, que foron un 3,3% superiores ao mesmo período do 2023. O seu aumento estivo impulsado en boa medida pola nosa nova política de prezos, que se apoia nun notable esforzo destinado a aliviar o peto das persoas consumidoras. Un claro exemplo é o aforro acumulado de máis de 33 millóns de euros que xeramos

EROSKI

Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

para quen elixe EROSKI para realizar as súas compras, grazas á redución de prezos en máis de 5.700 produtos nos primeiros seis meses do exercicio 2024. Isto permítenos reforzar a nosa competitividade en prezo e atractivo comercial", explicou a CEO de EROSKI, Rosa Carabel.

Control de custas

Malia ao contorno inflacionario, a compañía deu contido o aumento dos seus gastos a un crecemento moderado con respecto á primeira metade do 2023, o que evidencia unha eficiente xestión en todas as áreas a través da continuidade en actuacións de mellora de eficiencia.

Sólido *ebitda* e proxección estable para o peche do exercicio

O *ebitda* alcanzou os 155 millóns de euros nos seis primeiros meses do exercicio, e sitúase en sólidas taxas arredor do 6%, o que permite manter unha previsión favorable para o peche do exercicio similar ao mesmo período do ano anterior.

De cara á segunda metade do ano, o grupo EROSKI mantén perspectivas positivas, enfocado en consolidar o crecemento e en estabilizar a rendibilidade.

Sobre o grupo EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e un dos líderes do norte do mercado español -dende Galicia a Baleares- cunha cota de mercado do 12,8% nesa zona; é líder no País Vasco, Navarra, e Galicia e colíder en Baleares. A súa rede comercial, a peche do 2023, elévase a 1.533 establecementos, entre supermercados, hipermercados, cash&carry e supermercados online; a isto engádense gasolínearas, tendas de deporte e outros negocios non alimentarios. Ademais, conta tamén con máis de 6,4 millóns de Socios Clientes e con máis de 27.400 persoas socias cooperativistas e traballadoras, das cales preto de 9.000 son socios propietarios, aos que cómpre sumar o colectivo de persoas traballadoras das máis de 620 tendas franquizadas.

EROSKI

Comunicación Corporativa
PATRICIA MARTÍN SANCHIDRIÁN

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)